

Pontevedra acolle o xoves 23 de maio o primeiro Encontro de Arte Sonora e Videocreación

O colectivo 'sinSal audio' é un dos organizadores do I Encontro de Arte Sonora e Videocreación 'IFI' que a partir do xoves 23 se desenvolverá na Facultade de Belas Artes de Pontevedra cun amplo programa de actividades, entre eles un taller de audiocreación a cargo de Chiu Longina.

A Facultade de Belas Artes de Pontevedra acollerá o xoves, 23 de maio, a primeira edición do Encontro de Arte Sonora e Videocreación 'IFI' onde, nunha soa xornada, os asistentes poderán gozar de instalacións, performances, músicas e talleres de audio-creación, entre outras propostas.

Neste evento daranse cita creadores galegos e internacionais destas disciplinas e, segundo os seus organizadores — a delegación de alumnos da facultade, o Colectivo Flexo e a productora Sinsal audio—, "sitúa a Galicia á altura doutros proxectos creativos xa consolidados", coma o Observatorio de Valencia, o Zeppelin de Barcelona ou Situaciones, de Cuenca.

As actividades previstas dividiránse en tres grandes bloques, un de música en directo dentro do recinto, outro sobre audio e vídeo artistas e, finalmente, talleres de audio-creación.

No apartado de música en directo, destaca a presenza dos discjokeys do Sinsal audio sound system. Esta agrupación supón a unión do Club Vademcwm, o programa de radio A Etiqueta e a tenda Audio Sinsal e reúne a picadiscos como Viktor Flores, quen actuou en festivais tan asentados no panorama electrónico como Sonar (Barcelona).

Tamén participarán o vigués 'Minúsculo' quen, nas súas creacións, ofrece un estilo abstracto e experimentador de ritmos múltiples; así como os compoñentes do proxecto NYDA, de Bilbao, que aproveitan as interferencias de aparatos electrónicos para construí-las súas pezas musicais.

Coma artistas de ampla traxectoria destaca a presenza da compoñente de Malaria e fundadora hai máis de 20 anos de Einstürzende Neubaten, Gudrun Gut quen actuará de discjockey para Thomas Fehlman, que ofrecerá varios directos dos seus traballos.

Fehlman é coñecido, ademais de como ex membro do grupo The Orb, polas súas colaboracións con Robert Fripp, Tangerine Dream, Can ou Klaus Schulze, os que foron pioneiros das novas tendencias da música electrónica a principios dos anos setenta.

Ademais das actuacións visuais e sonoras, que contarán coa participación de preto de 40 artistas, o encontro organiza dous talleres de audiocreación, onde Chiu Longina impartirá unha clase de tres horas sobre o traballo con instrumentos virtuais, mentres que David Chaves informará sobre distintas formas de síntese sonora.

SANTIAGO 20/05/02

AFA

LINK ARTIGO:

http://www.elcorreogallego.es/periodico/espectaculos/expo/noticias/20_05n1.htm